## ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS URBANÍSTICAS ESIXIDAS POLA LEXISLACIÓN DO SOLO E ORDENACIÓN URBANA.

### *ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.-*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 16 da Lei 7/85, do 02.04, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/1988, do 28.12, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por licencias urbanísticas, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, na que as súas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

### *ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.-*

Constitúe o feito impoñible da Taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si os actos de edificación e uso do colo a que se refire o artigo 178 da Lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana, Texto Refundido aprobado polo Real Decreto 1346/1976, do 9 de abril, e que se realicen no termo municipal, se axusten ás normas urbanísticas, de edificación e policía previstas na citada Lei do Solo e no Planeamento e normativa urbanística deste Municipio.

### *ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO.-*

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios ou posuidores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construccións ou instalación ou se executen as obras.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras.

### *ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.-*

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas física e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

### *ARTIGO 5º.- BASE IMPOÑIBLE.-*

1. Constitúe a base impoñible da Taxa:
   a) O custe real e efectivo da obra civil, cando se trate de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estructuras o aspecto exterior das edificacións existentes.
   b) O custe real e efectivo da vivenda, local ou instalación, cando se trate da primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.
   c) O valor que teñan sinalados os terreos e construccións a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles, cando se trate de contribuír urbanas e de demolición de construccións.
   d) A superficie dos carteis de propaganda colocados en forma visible desde a vía pública.

2. Do custe sinalado nas letras a) e b) do número anterior exclúense o correspondente á maquinaria e instalacións industriais e mecánicas..

### *ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA.-*

A Cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

### *ARTIGO 7º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.-*

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción desta Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei; agás as obras de branqueo, pintado e limpeza de exteriores; cerramentos con elementos vexetais"

Para facer constar [illegible] e ó precedente anexo, [illegible] Ordenanza Fiscal Reguladora da TAXA .. LICENCIAS URBANISTICAS [illegible] 30.05.2000, [illegible] 23.06.2000 [illegible] de Xuño de 2000.
O Alcalde, O Interventor, O Secretario.

BOP Nº 120
23-06-2000

*ARTIGO 8º.- DEVENGO*

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licencia urbanística, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta.
2. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen obte-la oportuna licencia, a Taxa contribuír cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si a obra en cuestión é ou non autorizable, con independencia da iniciación do expediente por infracción tributaria.
3. A obriga de contribuir, unha vez nada, non se verá afectada en modo ningún pola denegación da licencia solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou consta-lo do solicitante unha vez concedida a licencia.

*ARTIGO 9º.- DECLARACIÓN.-*

1. As persoas interesadas na obtención dunha licencia de obras presentarán previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude, acompañando proxecto visado polo colexio Oficial respectivo, con especificación detallada da natureza da obra e o lugar de emprazamento, na que se faga constar-lo importe estimado da obra, medicións e destino do edificio, e o cuestionario a que fai referencia o artigo 2 do D.69/89, do 31 de marzo da Xunta de Galicia.
2. Cando se trate de licencia para aqueles actos en que non sexa esixible a formulación de proxecto subscrito por técnico competente, á solicitude acompañarase un orzamento das obras a realizar, con descripción detalladas da superficie afectada, número de departamentos, materiais a empregar e, en xeral, das características da obra ou acto que permitan comprobar o custe daqueles
3. Si despois de formulada a solicitude de licencia se modificase ou ampliase o proxecto deberá poñerse en coñecemento da Administración municipal, acompañando o novo orzamento ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación.

*ARTIGO 10º.- LIQUIDACIÓN E INGRESO.-*

1. Liquidarase e esixirase o importe da Taxa unha vez concedida a licencia urbanística. Non obstante, poderase esixir o importe da Taxa no momento de presenta-la solicitude de licencia de obra, en calidade de depósito previo.
2. A Administración municipal poderá comprobar o custe real e efectivo unha vez rematadas as obras, e a superficie dos carteis declarada polo solicitante, e, á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación definitiva que proceda, con deducción, no seu caso, da liquidación inicial.
3. No caso de substituto urbanas e demolición de construccións, a liquidación que se practique, unha vez concedida a licencia, sobre a base impoñible que lle corresponda, terá carácter definitivo salvo que o valor sinalado no Imposto sobre Bens Inmobles non teña este carácter.
4. As liquidacións que se practiquen serán notificadas ó suxeito pasivo sustituto do contribuínte para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

*ARTIGO 11º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.-*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL.-*

**PRIMEIRA.** As licencias urbanísticas concedidas caducarán no prazo de seis meses, si non se inician as obras, e si antes de que transcorran dous anos dende a súa concesión non se rematan as mesmas.
**SEGUNDA.** A exacción desta Taxa será compatible co Imposto municipal sobre Construccións.

*DISPOSICIÓN FINAL.-*

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo que sinala o artigo 70.2 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, dende o día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

| | | EUROS |
|---|---|---|
| 1.3. | Revisión vehículos aluger ……………… | 20,59 |
| 1.4. | Licencias para substitución de material …… | 66,68 |
| 1.5. | Expedición de carné para conducción de auto-turismos | 13,37 |

2. As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinximento.

**ANEXO Á ORDENANZA DA TAXA DE OUTORGAMENTO DAS LICENCIAS URBANÍSTICAS ESIXIDAS POLA LEXISLACIÓN DO SOLO E ORDENACIÓN URBÁN**

1. A estrutura e contía desta taxa será a seguinte:

1.1. Urbanizacións e instrumentos urbanísticos de iniciativa privada ………………………… 752,88

1.2. Obras menores

1.2.1. Na zona monumental ………………………… 15,00

1.2.2. No casco urbano ………………………… 60,57

1.2.3. En zona rural ………………………… 45,45

1.3. Obras maiores.

A) Vivendas unifamiliares

1.3.1. Na zona monumental ………………………… 30,45

1.3.2. No casco urbano ………………………… 151,59

1.3.3. En zona rural ………………………… 94,89

B) Vivendas colectivas.

1.3.4. Na zona monumental ………………………… 45,45

1.3.5. No casco urbano ………………………… 168,42

1.3.6. En zona rural ………………………… 159,78

C) Ás obras maiores, cun orzamento superior a 120.000,00€ sobre a cota anterior aplicaráselle unha taxa adicional do 0,20% sobre o presuposto.

D) Instalacións Industriais, comerciais, e outros non tarifados expresamente ……………… 338,52

E) Proxecto Instalación grúa ………………… 330,33

1.4. Instalación de rótulos e letreiros.

1.3.1. Rótulos-letreiros, ata 1 m$^2$ ……………… 30,45

1.3.2.—Exceso s/ 1 m$^2$ ………………………… 151,59

1.5. Inspección de actividades que se practiquen a instancia de parte ou por causa de expediente contraditorio, por unidade ……………… 82,83

1.6. Declaración de ruína

1.3.1. Solicitude de declaración de ruína …………… 752,88

1.3.2. Honorarios de informes técnicos non municipais en expedientes de declaración de ruína a instancia de parte o importe total dos honorarios.

1.7. Solicitudes de segregacións de fincas:

1.3.1. Por cada unha ………………………… 137,67

1.8. Licencias de primeira ocupación

1.8.1. Uso residencial vivendas unifamiliares e "adosados"

1.8.1.1 Vivendas de superficie construída inferir a 100 m$^2$, por cada unha ………………………… 16,23

1.8.1.2 Vivendas de superficie construída entre a 101 m$^2$ e 250 m$^2$ , por cada unha ……………… 21,72

1.8.1.3 Vivendas de superficie construída superior a 250 m$^2$, por cada unha ……………… 379,38

1.8.2. Uso residencial vivendas colectivas

1.8.2.1 Vivendas (incluídos estudios e apartamentos), por cada unha ………………………… 16,23

1.8.2.2 Baixos lóbregos, por cada un ……………… 21,72

1.8.2.3 Baixos divididos, por cada un ……………… 9,66

1.8.2.4 Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes, trasteiros, bodegas, etc, por cada planta ou semiplanta ………………………… 16,23

1.8.3.—Outros usos

1.8.3.1 Naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc, ata 500 m$^2$ de superficie construída, por cada m$^2$ ………………………… 0,24

1.8.3.2 Naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc, ata 500 m$^2$ de superficie construída, por cada m$^2$ de exceso ……………… 0.17

2.— As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinximento.

3.— A solicitude de parte e nos casos de renuncia ou desestimación con anterioridade á concesión de licenza e sempre que se iniciara o expediente de tramitación da mesma, procederase á devolución do 50% da taxa ingresada.

No caso de denegación da licenza a devolución será do 25% da taxa ingresada.

**ANEXO Á ORDENANZA DA TAXA DE LICENCIAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

1. A estructura e contía desta taxa será a seguinte:

1.1. As tarifas desta taxa serán equivalentes ó 300% sobre a Base Impoñible que sinala o artigo 5 desta Ordenanza; engadindo ó mesmo o anexo a partir do apartado 2º punto primeiro.

No caso de que nalgún local se exerzan varias actividades aplicarase a porcentaxe anterior, soamente sobre a cota máis alto das actividades a exercitar.

1.2. O 5,5% da renda anual que corresponda ó establecemento, si non fose posible coñece-la base impoñible coa aplicación do procedemento anterior.

1.3. As tarifas desta Taxa experimentarán un recargo do 100 % cando se trate da apertura de establecementos suxeitos ó Regulamento de Actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

1.4. Os dereitos mínimos por expedición de licencia serán:

1.4.1. Cando se trata de actividades comerciais ou industriais exentos do pago da licencia fiscal (ou iae a partir do 01.01.90) será de ………………………… 57,35

1.4.2. Cando se trate de bancos ou caixas de aforro e outras entidades financeiras ……………. 1.717,97

1.4.3. Cando se trate de actividades molestas, insalubres, nocivas, etc …………………………….. 155,32

1.4.4. Anuncios de particulares no BOP, DOG, BOE e medios de información, que terán que aboar, previamente, na Tesourería municipal, ………o importe do anuncio polo seu custe

1.4.5. Comercio ó polo miúdo de calquera clase de productos alimenticios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, nomeado así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 400 m$^2$; "por cada m$^2$ de exceso s/400 m$^2$ …………… 9,34

2. As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinximento.